



# 48 FEIRA DE MOSTRAS DO NOROESTE

FERROL, DO 6 AO 11 DE XULLO DE 2010

## O CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA INAUGURA A 48 FEIRA INTERNACIONAL DE MOSTRAS DO NOROESTE

O conselleiro de Economía e Industria, D. Javier Guerra, será o encargado de inaugurar o vindeiro martes, día 6 de Xullo a 48 edición da Feira Internacional de Mostras do Noroeste.

Congregando a uns 150 expositores, o certame, organizado polo Consorcio pro Feiras e Exposicións de Ferrol, cumpre este ano no recinto feiral de Ferrol coa súa cita anual de verán cos ferroláns. Dende o día 6 de xullo e ata o domingo, día 11, Punta Arnela albergará a feira decana das de Galicia, que cada ano recibe preto de 30.000 visitantes.

Próxima a cumprir o medio século de existencia, a FIMO volve ser o escaparate multisectorial de referencia no noroeste peninsular, congregando os máis diversos sectores productivos e dando un especial protagonismo ó tecido empresarial de Ferrolterra, Eume e Ortegá.

A sinatura de convenios de colaboración coas entidades empresariais da nosa área de influencia facilita a participación de empresas da zona baixo unhas condicións máis que ventaxosas, de xeito que dende a Feira de Mostras poidan dar a coñecer a súa oferta ós nosos visitantes.

Non se esquece tampouco na FIMO a vertente turística das tres comarcas. Dende a posta en marcha do Plan de Dinamización Turística da área, a participación de concellos da zona (Fene, Pontedeume, Cabanas, Mugardos, Ortigueira e Ferrol) no certame viuse incrementada de xeito importante, xa sexa como expositores directos ou baixo o paraugas da Deputación Provincial, aproveitando o escaparate desta feira multisectorial para promocionar toda a súa potencialidade turística.

Pero ao reclamo da promoción turística súmanse tamén concellos de fora dos nosos límites. Así, Burela volve a cumprir coa súa cita con FIMO como escaparate promotor da Feira do Bonito fora da súa comarca e ademais de contar cun stand, ofrecerá unha degustación deste prezado peixe tal e como se degusta na súa feira de agosto. Algo similar fará este ano Viana do Castelo. O concello luso promocionará a súa gastronomía cunha degustación, e o seu folclore, coa participación da Banda de Gaiteiros da Fundación Maestro José Pedro (ver programa).

A participación de Portugal, consolidada dende hai caseque vinte anos, mantense nesta edición non somentes coa participación do Parque de Exposicións de Braga, institución coa que se mantén unha estreita colaboración dende os anos oitenta, senón tamén coa presenza directa de empresas portuguesas que foron quen de abrirse mercado na nosa área de influencia grazas á súa participación na Feira de Mostras do Noroeste. A meirande parte delas pertencen ao sector do moble e a decoración.

Nos 25.000 metros cadrados de exposición, a distribución por sectores será a seguinte:

- Pavillón 1.- Moble, hogar e decoración
- Pavillón 2.- Alimentación e zona de degustación
- Pavillón 3.- Institucións
- Pavillón 4 y Hall.- Venta directa
- Pavillón 5.- Industria
- Exterior.- Automoción, maquinaria agrícola, cubiertas de piscina e madeira



# 48 FEIRA DE MOSTRAS DO NOROESTE

FERROL, DO 6 AO 11 DE XULLO DE 2010

Entre as novidades nesta 48 edición da FIMO destaca a participación da Consellería de Traballo e Benestar, que contará cun stand do Instituto Galego de Seguridade e Saúde e instalará tamén a súa “Aula Móvil de Cooperativas”, incluída no seu programa de promoción do espírito emprendedor no ámbito do cooperativismo e a economía social. A directora xeral de Formación, Ana Díaz López, visitará o certame o vindeiro venres, día 9 de Xullo ás 12:00 horas.

A programación desta Feira Internacional multisectorial inclúe unha batería de actividades orientadas a ocupar o tempo de lecer dos visitantes, entre elas unha serie de degustacións, distribuídas entre martes e domingo e a participación do Exército do Aire, cun helicóptero que ofrecerá aos visitantes a posibilidade de ver Ferrol dende unha nova perspectiva.

## **FERROL, GABINETE DE PRENSA DE FIMO 1 DE XULLO DE 2010**